


o lapis do taberneiro



T R E C E X O G O S

Domingo Alborés Alborés

LIMIAR

Coas letras da palabra xogar, que tan só son cinco, pódense compoñer tamén: gorxa e graxo; aínda que se es da costa, sairían outras dúas: o xargo (que é un peixe) e goxar, que en definitiva é para o que serve o xogo. Nácese con ganas de xogar, ao igual que coas de comer, durmir, rir e chorar. Xógase dende que se nace e non se deixa de facer ata que se morre; polo tanto, poderíamos deducir o seguinte: quen non xoga non existe.

Quizás por iso, por existir, decidín inventar “trece xogos”; aínda que, no fondo, non debe ser certo. A verdade é que o escribín polo pracer de facelo, polo reto e por divertirme; pero tamén, para axudarlle á Margarita a cumprirme un capricho, para enguedellar trece noites á compañeira de soños e para escoitar os eloxios da filla, que saben a ostras frescas, recenden a pan e soan coma o mar aberto.

Saúde e bicos.

CAPÍTULO I

O tute

- Arrastro e canto as corenta.

- Sesenta logo, coas miñas vinte en copas, -matizou o compañeiro de Bembaré, ladeando o enorme Partagás para poder refregar aos contrincantes o retranqueiro sorriso, que ameazaba unha malleira máis naquela afortunada tarde-.

- Veña, xoga; paréceme a min que van levar quente outra vez.

Edelmiro, prepotente e reticente aínda a recoñecer a devastadora crise que asolaba Galicia dende facía xa catro anos, tiña dúas funerarias e, coma el dicía, “só se morre unha vez, non se vai reparar en gastos; e menos nós, que dende tempos ancestrais sempre escollemos as mellores pedras para honrar os mortos”. Por iso, o seu cigarro era dos máis caros e a prepotente lería, que espallaba con desvergoña pola tasca, fería a descomedida sensibilidade da humilde idiosincrasia tabernaria.

Bembaré calaba, nin sequera sorría. Aquelas horas de camaradería a duras penas conseguían anegar a sensación de fracasado que lía durante o resto do día no compasivo silencio da súa muller. E o peor era ter que recoñecelo; Dorinda fora a máis doce e bonita rapaza da parroquia cando o escolleu a el no lugar do baldrogas do fillo do director do banco. Pero agora, Xosé Luís convertérase nun triunfador e o mellor pasador do “Illa da Creba F.C.” estaba sen traballo, cunha filla no paro e unha dona sumida na desesperanza. Como non ía imaxinar que nas desvelas de Dorinda se agachaba o reproche cara á decisión que ela mesma tomara cando cambiou aquel home de futuro, o fillo do banqueiro, polo atlético xogador de fútbol que iluminaba as miradas das rapazas das vilas onde se xogaba a Liga da Costa. Só tiña que ollarse no espello, faltaba a musculatura, o perdurable sorriso, o pelo negro... E agora, por riba, sobraba a ruína, o embargo do piso de Santiago, o subsidio do paro a piques de acabárselle...

- Bembaré, xoga que estás a durmir -e botou unha carta, unha calquera das tres que lle quedaban-.

A man estaba gañada e simplemente asistía ao incontestable dominio do seu compañeiro. Pero, ademais, aquelas lembranzas eran mellores emplastos para a súa tristura que a propia partida; despois de todo, el tamén perdera enguedellándose dela e rexeitando a oferta que lle fixera o Deportivo da Coruña. Quen sabe! Podía ter chegado a famoso, todo mundo dicía que era moi bo; pero, claro, como ía marchar e deixar alí aquel caramelo louro e doce rodeado dunha morea de cans famélicos? E agora, xa ninguén se acordaba sequera de onde lle viña o nome de Bembaré; agora, nin era Antonio como lle correspondía polo bautizo, nin Ben-Barek, o alcume que lle puxeran por parecerse a un dos mellores xogadores da historia do fútbol, Larby, a “perla negra” que acabou recalando no Atlético de Madrid. Púxollo o carnicero cando exercía de adestrador e quedoulle para sempre. E non era de estrañar, as semellanzas entre eles extrapolábanse da materia deportiva; os dous tiveran de profesión a de carpinteiro, os dous

orfos, os dous podían xogar mellor descalzos que con botas, ambos eran altos, elegantes, con estilo e, por descontado, tamén os dous podían destacar como creadores de xogo e convertérense nos propios goleadores do encontro. Dende logo, tanto un como outro, tiñan encandeado daquela o público.

O home que, medio agochado na mesa máis recóndita da taberna, se sumira nas súas propias lembranzas deixándose levar polo anuncio do arrastre da partida, ergueu un pouco o xornal cando pasou preto del a camareira. Facía xa cinco anos que non volvía por esa vila e só vivira nela seis meses; pero, aínda así, tiña medo de ser recoñecido. Calculaba que lle quedaban, polo baixo, dous días de espera e non quería dar a nota nin cometer erros que fixesen perigar a ilusión de toda a súa vida, facerse moi rico.

CAPÍTULO II

O póker

- Vexo os teus dez e subo vinte máis.

O quedo muiñar das voces dos xogadores da partida de póker a cartos parecía intentar disimular a tensión que espertaban, na mesa tres, as frías miradas de catro amigos. Pepe de Sol, un ninguén con moito carto, Fachal de Riesgo, dono de Fachal de Riesgo, S.L, don Xaquín, o encanecido doutor, e o seu colega, salvando as distancias, o novo veterinario, tampouco parecían acusar en exceso a crise económica; ao menos, a xulgar pola cor dos billetes que circulaban baixo o tapete.

Apostaban forte, moi alto para calquera outro que non estivese enganado ao xogo; pero o tipo do xersei negro, de colo alto e lentes escuras, non parecía impresionarse. Porque o home que seguía medio agochado na mesa máis recóndita da taberna poxara moito máis; o seu era un todo ou nada. Estaba farto de sobrevivir a costa de sacrificar a maior parte das horas que, ata o de agora, conformaran a súa vida e decidiu anotarse á roda da fortuna, onde unicamente a sorte é quen lle dá á manivela, onde un pode acabar como mono

boca abaixo, sumido na desgraza; pero, tamén, onde se pode quedar boca arriba, preto da criatura alada, tan preto que se poida botar man da súa espada e, así, dirixir dende entón o teu propio destino.

-Vou co resto e planto.

O novo veterinario acababa de collerlle medo ao día; a súas olladas reflectían, coma espellos, o contido das cinco cartas que tremían levemente entre os dedos.

O personaxe que mimetizaba de escuro na mesa máis recóndita tamén semellou ter un momento de debilidade cando rematou de ler a páxina de sucesos do diario. Pero só lle durou un pequeno intre; coma se recibisen unha orde, os seus ollos, agachados nos escuros lentes, volveron coller a cor da temeridade e a súa faciana mostrou o sorriso de quen ten moi pouco que perder.

CAPÍTULO III

A escoba

- Setenta, cartas, velo e dúas escobas. Teño cinco tantos e ti un; os ouros.

A última partida da sobremesa xogábana o Fernandiño e Genaro da Cachona. Antes, coma sempre, estiveran repartindo tabaco e mirando as serias competicións dos máis profesionais; nelas, por suposto, eles non tiñan cabida nin podían opinar. Fernandiño fora, e seguía a ser a pesares de ter xa trinta anos, un neno medroso e cun complexo de Edipo que súa nai, viúva, procuraba avivar; entre ela e a crueldade dos ignorantes encargáranse de converter un rapaz de poucas luces nun farrapo de home, máis preto da idiotez que da normalidade. Genaro non, Genaro era normal; polo menos foino ata que chegou a vello, entón pasou a ocupar un sitio no caixón dos afastados, dos inútiles para os contos, a risa e a diversión. Parecese que na sociedade civilizada a xente en lugar de xubilarse no traballo se retirase na vida social; porque para amorear leña, darlles de comer aos animais e un sen fin de tarefas máis, valía. Iso si, cando había visitas ou viaxes, entón, estorbaba e os fillos ou netos sinalábano ao pasar diante do banco do patio cuberto, onde

adormecía o aburrimento, non coma se fose un animal da casa, pois ao can ou ao gato aínda lles caía ás veces unha caricia; senón coma se fose un cadro ou un moble: “É o avó”.

- Vaites! Pois claro que son o avó; agora si que me amolaches.

E a Genaro, aquilo, parecíalle que non ía polo bo camiño; porque el estivera en América de mozo e os indios, aqueles aos que lles chamaban salvaxes porque deixaban partir aos vellos cara ao monte para morrer, nunca se esquecían de escoitar e de ter en conta as recomendacións do Consello de Anciáns. Deixábanos ir morrer sos, pero cun respecto que os enchía de orgullo. E na taberna pasaba o mesmo, a moitos daqueles profesionais aínda lles podía dar el unha malleira calquera día de boas cartas; como lla estaba dando agora a Fernandiño que, dixesen o que dixesen, de parvo tiña pouco.

O home que parecía enfundado no cinguido xersei negro era notablemente atlético; a pesares da delgadeza e do paso dos anos aínda se lle

notaban claramente os peitorais e bíceps. Tamén fora guapo; ás meixelas enfraquecidas e cruzadas con dúas profundas cicatrices, só lles faltaba enchelas de algodón para reproducir a cara de Kirk Douglas coa fochiña do queixo incluída. Pero no interior facía moito máis tempo que a beleza se esfumara por completo; tan só quedaba un profundo resentimento co mundo. Nunca lle coincidían as escobas nin se tropezaba co velo e o ouro brillaba sempre pola súa ausencia. O pouco que chegou a posuír tivera que conseguilo con moita suor. Ninguén lle regalara nada, máis ben quitáranlle o que era del en varias ocasións. Non nos antros nin na rúa, por onde se movía con facilidade durante as noites; roubárano sempre nos despachos, nas oficinas do banco, nos bufetes dos avogados e mesmo no propio xulgado. Alí embargáronlle o coche e a pequena casucha que lle deixara en herdanza a nai; e por culpa diso andou deambulando de cidade en cidade ata que atopou acougo no barrio chinés de Barcelona e, tamén, algunha noite de verdadeiro amor nos brazos de Rosana, a muller que se embarcara con el e outros tres falcatrúas na aventura que o devolvera a aquela vila. Ela era, con

seguridade, a única persoa que, á súa maneira, lle quería; díxerlle dúcias de veces o seu verdadeiro nome en romanés, posiblemente coa esperanza de que llo murmurase algunha noite ao oído, pero el prefería chamarlle coma o resto dos clientes, co nome coa que a coñecera no club.

E tamén era a ela a quen agardaba naquel bar, vendo como remataba a última partida da sobremesa, repasando de novo a sección de sucesos do xornal coa esperanza de atopar algo que antes lle pasara desapercibido.

CAPÍTULO IV

A brisca

A primeira partida que se comezara a xogar na quenda de noite, é dicir, cando xa todo o mundo sesteara e se acicalara para saír, era a da brisca. Un anisete, dúas manzanillas coas súas fumeantes xerriñas metálicas, un café con leite en taciña de cortado, as pastas e o enorme moedeiro de Lita, onde máis que gardar parecían estarse a fabricar moedas, acurralaban o espazo central do tapete no que se apiñaban o mazo, o caderniño de anotar e as cartas gañadas por cada xogadora. No deambular de mans depositando e recollendo naipes, cuncas, xerras, pinta labios, papel, bolígrafo ou a propia carteira, non se producía nin o máis mínimo altercado porque os movementos eran pausados. As catro señoras xogaban coa baralla por non estar coas mans agochadas, que era de moi mal efecto, e por non falar do que non conviña. Tamén bebían as variadas pocións polo único feito de que nos bares tíñase que consumir e escolleran ese xogo porque era máis sinxelo que o tute e, sobre todo, pola influencia de Lita, quen na súa estancia en Euskadi -como lle chamaban agora ás Vascongadas- destacara como unha gran “briscalari”. Agora ben, como observaba con retranca o home que tiña no

queixo unha fochiña coma a de Kirk Douglas, interese poñíanlle pouco. Nin Dorinda se enfadou cando Carme lle impediu retirar o Tres, botado por erro crendo que xa saíra o As, a pesar de estar aínda na segunda baza, coa parolada de “carta na mesa está presa”, nin a recoñecida briscalari, que ía con ela, fixo máis leña do conto que pronunciar unha das súas máximas favoritas cando veu que llo chapodaban: “Déixallo comer, Dorinda, e que lle preste coma ás pombas os perdigóns”.

Aínda que a frase souu cortante, ninguén a tomou a mal; pola contra, as outras tres sorriron abertamente. Todas coñecían o carácter seco de Lita, incluso o home de negro que medio se agochaba na mesa máis recóndita da taberna se decatara diso durante a súa breve estancia na Vila. Algo desa sequidade apegáraselle en Euskadi -como lle chamaban agora ás Vascongadas- pero a acritude viñera despois, cando encadearan ao seu home sen ter en conta todo o que fixera por España, sen respectar a súa gradación militar e sen sequera ter a dignidade de pedir desculpas polo erro, cando morreu de pena. Aquilo doéralle tanto...! Ás

caladas si que recibira mostras de condolencia ou apoio, e tamén chamadas telefónicas. Pero en público todo o mundo, comezando pola Casa Real, lle virara o lombo; ata a súa filla, Erika, chegara a renegar do seu pai por ter participado no golpe de estado.

O fulano que viste xersei negro de colo alto e pantalón vaqueiro suxeito cun cinto de relucentes chatolas, e que leva todo o conto meténdose onde non o chaman, revolveuse inquieto na cadeira. Un tipo, cunha pinta de pasma que tiraba para atrás, quedouse un anaco ollando cara a el; pintaban bastos e non tiña o “As” na manga, ou ben o recoñecera, ou era como semellaba un policía. Aquilo non lle conviña nada, podía mandar ao carallo todo o seu plan e estragar a súa particular, e longamente soñada, xogada mestra.

CAPÍTULO V

O chinchón

Guillermo, o soldado que tras salvar de morte segura a un xeneral do exército elixiu como único premio o de ser “cabaleiro cuberto diante do Rei” -cousa que, ao cabo, non lle serviría de nada, pois tras a guerra, instaurouse unha ditadura, e ao rematar esta e comezar a monarquía, logo de 40 anos, ninguén se quixo lembrar de tan alta condecoración- colleu o sete depositado polo xogador que o precedía na partida de chinchón.

Perfeuto da Monxa era un home deses que se fan sabios sen darse conta, un campesiño capaz de calcular as catro témporas, prognosticar a chuvia pola intensidade do croar das ras ou polo orellar da mula, anticipar o vento vendo a tolemia dos gatos, percibir a subida da presión atmosférica co aumento do recendo das rosas e diagnosticar as consecuencias da súa estabilidade coa observación da columna de fume da cheminea, predicir a colleita de trigo baseándose no apetito dos bois ao comezo da época da sementeira, ou adiviñar a nobreza dunha persoa con só mirarlle para os ollos. Cando falaba, que non sempre acontecía, a xente respectaba as súas verbas; quizais por iso

foi quen de opinar sobre a partida, a pesares de non tomar parte nela. “Vai chover”, dixo cando Guillermo colleu o sete de copas, e “ouvean coma cans cando senten preto o lobo”, tras observar como o resto de xogadores se desfacían das cartas de máis valor, ante a inminencia do peche da man.

Ao cheíñas de Guillermo non lle parecera nada ben a perda de puntos que se orixinara tras aqueles comentarios, pero tivo que calar; Perfeuto non era o Rei e diante das súas verbas había que descubrirse.

Isto, claro está, non rezaba para o cabaleiro que levaba posto o cinto de relucentes chatolas; el estaba alí só, agochado na mesa máis recóndita da taberna, coma se fose un convidado de pedra, e non tiña ningún interese en que se descubrise a súa identidade. O que traía entre mans ía moito máis alá dun simple peche, nin sequera lle valía facer “menos dez”; el quería conseguir chinchón dunha puta vez e acabar a partida. Podía cheirar a liberdade que dá ser rico de verdade, rozaba coa imaxinación a area das praias do Caribe e mesmo notaba no

pescozo a calor tropical. Por iso non perdía nin un só segundo de vista ao tipo aquel, con cara de policía, que quedara mirando para el cando entrou; de esguello botáballe constantemente olladas procurando que non se decatase da contraespionaxe coa que o estaba a someter. Ao fin, o tipo abandonou a súa mesa, pagou a consumición e foise sen sequera volveuse cara a el. O home do xersei negro respirou aliviado, a medida que pasaban as horas íase poñendo algo máis nervioso. De pouco lle estaban a valer as técnicas de relaxación mental que aprendera nas sesións de Tai Chi que lle dera gratis Chulín, o chinés que exercía de chulo no barrio de prostitutas onde el tamén traballara e que, en realidade, era xaponés e se chamaba Hidelhiru Sugawara; un tipo curioso que durmía no chan, metía unhas labazadas criminais e estaba sempre disposto a morrer por un emperador que só existía na súa imaxinación. Pero el non, el só estaba disposto a morrer pola causa que o levara ata aquela vila; porque, se todo saía ven, íase converter no propio emperador, o rei do “dolce far niente”, e se saía mal (cruzou os dedos ao pensalo) pouco ía perder, unha vida de merda.

CAPÍTULO VI

O tute cabrón

Ao cabrón xogaba sempre o cura; non porque o fose, que non o era, senón por acostumar formar partida só con outras dúas persoas, o Xavier da chacinería e un mestre xubilado de Pedrapena que baixaba todos os martes á Vila. Xa se sabe, tres sós ao tute, ou poxan no subastado ou se fan cabróns. Pero don Romualdo, a pesar de ser sacerdote, era un bo home que se negaba a xubilarse para non ter que morrer; porque a el gustáballe moito a vida, a sinxela, a normal, a que ten a coherencia do discorrer cotián dos días nos que ninguén vai máis alá do cabreo pasaxeiro, a das xornadas que cheiran a veciñanza, a das semanas que van ao ritmo das estacións, melancólicas e recollidas no inverno, escorregadizas e laboriosas na primavera, frutíferas no verán e de culta morriña no outono. Amaba a vida e renegaba, para os seus adentros, da morte aínda cun hipotético ceo; tanto, que se fartara de expedir certificados falsos ou verdadeiros, iso daba igual, de boa conduta, para evitar os fusilamentos que se decretaban tras a guerra. Fixérase cura por ter un oficio mellor que o de destripaterróns, que cando era novo amedrentaba de carallo, e tamén por írenlle

dende pequeno as letras, pero nunca renegou do campo; de mozo era moi forte e non só tiña a súa horta ao cen por cen de produción, tamén axudaba sempre, mentres puido, a aqueles que tiñan necesidade. Porque niso consistía, para el, o seu oficio; en repartir consolo e compartir o tempo que lle restaba de dar as misas ou ocuparse de tarefas da igrexa.

- O andar a rezar polas esquinas é de santóns -dicía en petit comité-.

A el íanlle máis as mañás de chatos de augardente nas matanzas, as conversas secretas das noites de poutadas de caña, as parvas que lle levaban aos xornaleiros ao mediodía e que, ademais de comida, traían a camaradería que nace do cansazo das legoñas e arados na semente, ou dos fouciños e gadañas na colleita, ou de serras, machadas e fouces nas rozas e talas.

- Colectivo con cante, gaña. Sen cante, perde. Queda claro? Logo non andemos a discutir polo mesmo de sempre!

Pero era igual que se dixese ou non, de feito dicíao cada martes don Romualdo e, nada máis facelo, xa estaba refungando don Camilo, o mestre, porque en Pedrapena xogaban xusto ao contrario; aínda que claro, como lle replicaba o Xavier,

- Home, normal, iso é porque a partida disputádela sempre os mesmos, os tres homes da aldea, e cando puxeches ti as regras, enganácheste.

O home que rozaba coa imaxinación a area das praias do Caribe e mesmo notaba no pescozo a calor tropical, sorriu. Non deixaba de ser irónica a frase do cura; máis que nada porque coincidiu xusto cun pensamento seu. Sería perfecto que o golpe que tiñan tramado el, a Rosana e os outros dous, puidese rematar nun colectivo. Pero alguén, o cerebro da operación, puxera esa norma; alí non valía o colectivo, só un dos homes se podía facer co botín e coas caricias agarimosas da cortesá.

- Vaia capricho do carallo!

Estábase a falar dunha fortuna, había suficiente para que os tres puidesen desaparecer da civilización durante o resto das súas vidas. E o de Rosana, que máis daba? Se ela sempre fora quen de atendelos a todos, incluído o cerebro da operación e algún que outro cliente esporádico. Un capricho do carallo! Pero así estaban as cousas e así as aceptaran. Daba igual que se cantase ou non, colectivo perdía sempre naquela partida.

CAPÍTULO VII

O billar e o fútbolín

O tipo que tiña dúas cicatrices na cara e agochaba un segredo tras os lentes escuros, chamou a camareira para pedirlle a conta. Sacou da carteira un dos dous billetes de 20 euros que constituían todo o seu remanente, cousa que o preocupaba moi pouco ou nada, e pagou.

- É igual, mañá terei todo o carto que necesite ou non precisarei ningún -e cruzou os dedos para facer, por segunda vez no día, unha figa-.

Decidira marchar, ían ser as 8 e a esa hora remataba o prazo fixado para agardar no bar á Rosana, a muller romanese coa que non lle importaría nada deitarse hoxe; claro que non era novidade, tamén lle gustaría facelo calquera outro día. Por riba, nese instante viu entrar de novo ao tipo con cara de policía; nin sequera mirara para o curruncho onde estaba el, pero daba igual, era mellor previr. Gardou o caderno onde facía as anotacións e recolleu o xornal que tiña unha páxina de sucesos estéril, para deixalo no andel das revistas. Logo saíu, non pola porta principal, senón pola que tiña os espellos descascados e daba ao patio de atrás e,

aínda primeiro, á galería onde soaban os golpes secos do marfil sintético no medio da bruma de fume de tabaco; alí quedou un chisco; ollando as bandas, pasebolas, corridas e picadas de catro mozos que, pola maña exhibida nas carambolas, debían adestrar a diario. Atravesouna e saíu ao patio descuberto, o que tiña o chan de cemento cheo de serraduras que tapaban as humidades de cervexa e mexo; nel, oito rapaces máis novos que os do billar, emborrachábanse de adrenalina e batíanse en singular batalla, arengándose cos seus berros e mesmo co son metálico da bóla trucando contra ferro e madeira.

- Na dianteira non vale parar! -ladrou un que se ocupaba da defensa dun dos futbolíns-.

- Isto é a guerra, vale todo! -respondeu un contrario, entusiasmado coa forza coa que a pelotíña negra do carallo saíra despedida do campo e rozando a cabeza dun compañeiro-.

- Efectivamente! Vale todo e non se pode parar, grandioso simil! -e abandonou o patio polo camiño de lousas, atravesando unha leira,

franqueado por ringleiras de millo que o saudaban ondeando as grandes follas-.

Fóra orballaba, dende o ano 92 non lembraba un tempo tan malo. Comezara o inverno no mes de outubro e todo fora auga, neve, vento ou frío ata entrado xullo; aínda agora, case que nas portas de agosto, seguía a chuvia

- Froallo de merda -dixo mentres subía a lapela da chaqueta para protexerse da humidade no pescozo-.

Non ía, o que se di, borracho; pero unha areíña levaba, de feito faiscábanlle moito os ollos. De camiño da pensión, arrendada a nome doutro, pasou por diante do Banco Pastor e pensou,

- Mañá, posiblemente teña máis que vós e non ides cheirar nin un can.

CAPÍTULO VIII

O solitario

O reloxo de parede da vivenda da señora Diolindita deu dez badaladas xusto cando pasaba por alí o home que quería competir co Banco Pastor. Aínda que se podía escoitar claramente o seu tic-tac dende a froitería, situada no mesmo edificio, poucos o viran; tiña que estar ao outro lado da parede onde se apoiaba o mostrador, pero quedaba dentro da casa que ficaba sempre pechada. A pesar de non velo, polo son que producía parecíalle de moi boa calidade. Debía ser antigo, coma todo naquel edificio; coma a señora Diolindita, que tendo 78 anos non chegara a ser Diolinda por seguir viva a súa nai, ou coma Xulia, a criada das dúas, que contaba cunha idade indefinida e secreta, a cabalo entre a da proxenitora e a da filla. Imaxinou como sería o reloxo, seguramente parecido ao do seu avó, cunha caixa grande de madeira vernizada, adornada con moldura de latón labrada e co típico cristal convexo de ollo de boi, por onde se vía pasar o movemento de cuarzo do péndulo e, máis atrás, as dúas poleas de corda coas pesas de ganchos; unha delas, sempre máis abaixo que a outra. O fin das badaladas devolveulle o sentido e apurou o paso; tiña présa por chegar á taberna e, aínda

máis, por ler as noticias da páxina de sucesos. Cando entrou nela, só catro clientes ocupaban o salón dianteiro onde situaban a barra, as mesas pequenas, a cabina e o televisor no que botaban sempre fútbol en directo ou, como pouco, os amplos resumos de partidos na galega. O problema era que todos estaban a ler mentres se lle amornaban os cafés, a tila e ata o coñá dun deles. Seguiu andando para non chamar a atención; de camiño botou unha ollada ao andel das revistas, por se quedaba libre algún diario, e despois outra á única persoa que se atopaba no salón dos xogos. Estaba de costas e pousaba as finas mans, con excesiva delicadeza e lentitude, nas cartas que tiña estendidas sobre o tapete; parecía que estaba a ler o futuro, e o fulano que quería ser rico notou como lle subía polo lombo un arrepío frío e quente. Pero non; aquel señor de mans de costureira, pel branca, ollos fundidos en cavernas de filisteos e movementos langráns, estaba a facer un solitario e máis concretamente o Spider a catro paus. Aínda así, cando o noso tipo o volveu mirar, percibiu de novo a sensación do calafrío e iso a pesar de descoñecer que o Pereiro traballaba nunha das funerarias de Edelmiro;

un mal presaxio do cal non se decatou o home que, tras conseguir un xornal, buscaba con excitación as páxinas de sucesos, e a xulgar pola expresión da súa faciana, nese día non eran novas estériles. Devorou a primeira das noticias que lle chamaran a atención, cunha minuciosidade extrema, coma se buscase nas ringleiras unha mensaxe cifrada. Falaba do desfalco máis importante do ano, non dun atraco a man armada, nin tampouco dun roubo polo sistema do burato; tratábase dun desvío de cartos feito a través dun ordenador, un galimatías de traspasos a contas ás que se terminaba por perderlles a pista. Aseguraba tamén que detrás do golpe tiña que haber, á forza, alguén de dentro da empresa e, sen dar nomes, especulaba con que a policía xa tiña un sospeitoso. O guicho que cada vez sentía máis preto do pescozo a calor tropical, sorriu. Quen era o autor xa o sabía el; o cerebro cumprira a súa parte e daba igual que o descubriaran ou non, fixo que nunca diría onde foran parar os cartos. Pero a segunda das noticias, que falaba sobre un mozo atopado nos arredores de Vigo cun tiro na cabeza e trazas de suicidio, aínda sen sorprendelo a pesar de identificar as

iniciais, pareceu desorientado. Repasou con ansia o resto das páxinas, buscando quen sabe se un complemento da nova atopada ou outro suceso distinto. Cando rematou parecía oco, coma se o baleirasen, coa mirada perdida dun condenado a morte.

CAPÍTULO IX

Os dados

Un taca-taca de dados, pelexando coa fortuna no interior do gobelete, facía de impertinente Yoga para a distraída meditación do guicho ao que lle deu un arrepío frío e quente cando mirou ao Pereiro; pero así andaba o seu sentido dende que lera o xornal, moi descontrolado. A tranquilidade na que parecía estar inmerso, resultaba verdadeiramente irritante porque non estaba o conto como para relaxarse; e, por outra banda, os pensamentos nos que semellaba estar absorto eran pura fachenda, pois non atinaba a pensar en nada.

Os xogadores da partida de “dados indios” eran todos novos; o boticario axitou o gobelete coma se fose unha maraca e sacou dúas “K” e un “As”, que nesa modalidade pode facer de comodín.

- Plántome na primeira -dixo calculando ter xa case gañada unha volta-.

Aquela xogada obrigaba aos contrincantes a sacar un full ou un trío de ases cun só tiro. Mirou o montante do pozo e relambeuse ao comprobar que ascendía a 40 euros.

En cambio o outro, o que volvera sentar na mesa máis recóndita, ollaba o interior do pozo de apostas do seu particular envite, con máis sensación de vertixe que de cobiza. O tempo pasaba, a pesar de non ser tarde, e as novas da prensa creáranlle dúbidas e quitáranlle esperanzas.

Na segunda volta da partida, tocoulle saír ao dono da casa de turismo rural “O Pelouro”, pois estaba á beira do boticario no sentido das agullas do reloxo. E tamén gañou de man, porque sacou un póker de “Q” con dúas tiradas. Entón, tiñan que xogar os dous o desempate para ver quen levaba o montante das apostas; alí, por norma, non se repartía.

Pasaba o mesmo que na partida do tipo que seguía cos lentes escuros postos para que non se lle notara o medo nos ollos; quedaban só dous, o terceiro morrera, diso non había dúbida ningunha, e o repartimento parecía inviable. Tamén era certo que os cartos xa estaban aí, seguramente a maioría nas maletas da Rosana e uns poucos agochados no corpiño ou nas

bragas, por aquilo de facerse tocar. Mareo e ambición, desequilibrio e ansia; un revolto de sensacións que só se podía sosegar cun bo grolo.

-Outro whisky con xeo, por favor -reclamou á camareira, sen decatarse do aceno que acababa de poñer a rapaza mentres pasaba unha baeta pola mesa para observalo máis de cerca-.

E case que foi mellor que non o percibise, porque aínda se ía pór máis nervioso; Lucita recoñecerá, era un que estivera fai anos traballando coa empresa dos eólicos.

-Como se chamaba? Alberto? Non... Telmo quizais? Tampouco. Era algo así... -e foise cara á barra cavilando no nome-.

CAPÍTULO X

O dominó

As vinte e oito fichas que estaban aliñadas na mesa de mármore, con borde de madeira e cinceiros de latón incrustados, viraran o branco por un ton amarelento na cara onde se debuxaban os puntos; pola contra, o envés seguía a ser negro e en realidade iso era o importante, porque senón poderían recoñecelas os contrarios. Había outra caixa con fichas moito máis novas pero, para os catro profesionais que estaban a xogar, non tiñan punto de comparación, non soaban igual ao batelas contra o mármore.

- Pecho -dixo Caspa, quen, ao igual que os outros tres, era un home de mar-.

Os alcumes, o mesmo que moitas outras cousas, ás veces son enganosos; porque, cando o fulano que traballara na eólica escoitou que lle chamaban así a aquel mariñeiro rudo, pareceulle un atrevemento faltarlle ao respecto daquel xeito; pero estaba equivocado, Caspa viña de Kaspárov e o motivo de poñerllo fora o feito de ser un gran xadrecista, aínda que hoxe tocase dominó.

- Vaia! Alguén non se deitou a tempo e aforcou o seis dobre. Pois síntoo moito: seis cinco, “por el culo tela hincó”, como adoita dicirse -e pechou-.

A camareira ladeou a cabeza lentamente e mirou cara ao fondo, onde estaba a mesa daquel home de quen, ata agora, non fora capaz de lembrar o nome

-Anselmo! Iso é, chamábanlle Anselmo.

CAPÍTULO XI

O mus

-Corrido e sen sinais, que é a primeira man.

Os xogadores da partida de mus eran catro estudantes con ganas de divertirse.

-Como debe ser -matinou aquel a quen xa recoñecera Lucita, a camareira- porque é moi divertido cando se está despreocupado, e un aburrido desastre se anda un a cavilar noutras cousas.

O único que botaba de menos alí, eran mulleres.

- O mus é o xogo máis sensual e pícaro que coñezo. Están os sinais, o chiscar de ollos, os bicos... logo o continuo engano, a farolada e, tamén, as miradas descaradas que xogan a flirtear baixo a desculpa de vixiar á contrincante. Ah...! As olladas!

Ata onde se aproveitara do goce do erotismo nas partidas de mus o Anselmo e a cantos tipos fixera rabiarse asexando nos ollos das súas donas, só o sabía el; aínda que, pola faísca que brillou unha chisca no interior dos seus lentes escuros, parecía ter sucedido a miúdo. Pero agora volvía

estar corrido de medo e sen sinais que o sacasen da dúbida, coma nunha primeira man. Cagábase no día en que coñecera a Rosana e, aínda máis, no momento no que lle presentou aquel home rico e influente, o cerebro da operación. Estaba moi enfermo, restáballe algo menos dun ano de vida, e foi caer no club de alterne por onde pululaban o Anselmo e outros dous truáns que, como el, vivían basicamente das mulleres. Rosana abriulle os seus brazos para que se namorase dela e os tres elementos fixéronlle pasar uns meses divertidos a custa dos seus cartos; ninguén enganaba a ninguén, el quería amor e amizade e sobráballe xustamente o que lles faltaba a eles.

Logo, cando o mal se acrecentou e os días que lle quedaban xa se podían calcular de memoria, fíxolles unha proposta

- Unha merda de trato! Iso tiñamos que telo negociado mellor. Pero non! Os tres mosqueteiros, no fondo máis namorados da nosa raíña que o ricachón, aceptamos á primeira e sen condicións. E agora, un xa ía no carallo e por nos os dous ninguén daría un euro neste

momento.

-Envido máis -dixo o máis moreno dos catro, que tiña cara de estar despistado-.

O envite inicial fixérao o rapaz rubio de lentes de John Lennon, despois de recibir do seu compañeiro a chiscada de levar “a unha”; e agora, tamén mandaba un órdago que levaba todas as de gañar; de feito, o do chisco ardía coas ganas de mostrar as cartas para ensinar os trinta e un puntos que lle daban practicamente a vitoria, pois era man. A pesar diso, e da mirada furiosa que lle mandou o que ía con el, o moreno con faciana de despistado aceptou a aposta.

CAPÍTULO XII

A ruleta rusa

O sorriso que lucían os dous supostos gañadores da partida e a faciana de can do que ía co presunto perdedor, esfumáronse cando este, o moreno con pinta de despistado, depositou sobre o tapete os tres setes e a sota de ouro.

-Hostia! A Real contra trinta e un de man. Iso si que se ve poucas veces na vida. Vaia, vaia, a eses pasoulles coma a min, perderon algo que crían ter gañado.

Non obstante, a diferenza en ambos os dous casos era evidente. O rubio con lentes de John Lennon e o seu compañeiro perderan a última “vaca” da partida, e doíalles; pero o home que no pasado acostumaba flirtear no xogo do mus, estaba a piques de perdelo todo

- Maldita sexa! Se nos puxésemos de acordo, isto non estaría a pasar; podíamos gañar tempo, despois de todo aquel ricachón xa non ía durar máis de tres meses, ou finxir as nosas mortes, ou... Eu que sei! Calquera cousa menos aceptar a merda de cláusula daquel caprichoso. Un cobizoso, iso era ese tipo, un cobizoso e un

celoso; tiña envexa da nosa saúde e celos de Rosana, non quería partir só para o outro barrio e menos deixándoa a ela nas nosas mans. Se non, a que viñera aquela condición de ter que morrer dous para que o outro puidese cobrar? Que máis lle daba a el que gozásemos os tres da fortuna e do sexo, ao fin e ao cabo público, de Rosana. Unha mente retorta, sen dúbida, só así se pode concibir que alguén sinta pracer vendo a outros perder a vida polos seus cartos.

Cando a muller á que agardaba fixo acto de presenza na porta da taberna xa facía media hora que se levantaran os da mesa do mus. Anselmo non ergueu a cabeza, seguiu mirando cara ao chan aínda despois de que ela sentase e lle collese, entre as súas, a man que non tiña ocupada co cigarro.

- Fixécheste cos cartos? -nin agardaba resposta nin a tivo- Vaites co paspán do Joan, queda con todo. Unha mágoa, eu son mellor na cama, ou non? Sabes? Hoxe debe de ser o día internacional do parvo, hai un anaco, outro con cara de pasmón coma el, fixo a xogada máis difícil do mus.

- Vámonos de aquí, teño os cartos. Podemos fuxir lonxe, a onde queiramos. Somos ricos.

- Esquéceo, non sairemos da Vila.

- Ámote Anselmo, quero ir contigo e non con ningún outro.

- Xa o sei, nena, e eles tamén. Por iso están preto de aquí. Non deixarán que marchemos, nin eu vou permitir que fodas a túa vida.

- Pois devolvémosllo todo e comezamos de novo noutro sitio.

- Os dous tendes dereito a aproveitarvos do que decidiu a roda da fortuna. Non serei eu quen volo negue. Superaralo, xa verás, o tempo e a boa vida borran calquera mágoa.

- Que enganado estás, o diñeiro non dá a felicidade e moito menos se ti téas que morrer para conseguilo.

-Pode. Pero, en todo caso, fixen unha aposta e no xogo é o único sitio onde nunca faltei á miña

palabra. Supoño que isto é para min -dixo mentres se facía cun paquete que case sobresaía do bolso da muller- Faime un último favor, paga a conta, agora es rica e a min só me quedan cinco euros. Quen sabe, quizás os poida cambiar por felicidade noutro mundo.

- Anselmo, non, por favor!

Pero el xa se erguera da cadeira con aquel envoltorio nas mans. Fixo un xesto enérxico para desfacerse do abrazo dela e berrou

- Vaite! Esquéceo todo e vaite!

Anselmo sentou no lugar onde o mar morría mansamente no monte e o monte íase perdendo pouco a pouco no mar, desenvolveu o revolver co que ía xogar á ruleta rusa para perder, apoiouna na queixada, lembrou unha canción dos “Lobos” e púxose a cantaruxala antes de tirar do gatillo.

“Ai Anselma, Anselma, Anselma, chaparra de mis penares, o dejas que te visite o te mando a los gendarmes...”

CAPÍTULO XIII

A lotería

O home que botou dous días trazando garabatos nun caderno, na mesa máis recóndita daquela taberna, para escribir os doce capítulos anteriores, fixo, no segundo deles, exactamente o mesmo que no anterior. Nada máis chegar foi directo á cabina de cristal onde estaba a máquina expendedora de loterías variadas; pediu que lle servisen 20 euros de bonoloto, pagou co único billete que lle quedaba e colleu do andel das revistas un dos xornais. Logo sentou, sacou da carteira os boletos do día anterior e buscou, con nerviosa torpeza, a páxina de sucesos; aínda que el non lle chamaba así a aquela onde viñan os asasinatos sexistas e as desgrazas da República Popular de Bangladesh, para el a páxina de sucesos era o apartado onde saían os resultados dos sorteos das loterías. E era normal, se lle tocaba sería todo un acontecemento.

Pero alí non aparecían os mesmos números que viñan nos papeliños que el tiña; nalgunhas columnas si que había unha e ata dúas coincidencias, pero xa lle explicaran que iso non valía, que como mínimo tiñan que ser tres, e por riba nin sequera cadraba o reintegro en

ningún dos boletos. Estaba claro que Rosana, a muller que lles sorría a todos dende o televisor e ensinaba os peitos coma se fose unha calquera, non se enganara cando dixo os números premiados o día anterior.

-Logo non fai falta que espere a ver o xornal de mañá; hoxe ás oito, cando volva saír Rosana na televisión, saberei se son o home máis afortunado do mundo ou o máis desgraciado.

E había moito de verdade naquel pensamento. Anselmo levaba traballando para outros dende facía trinta anos e estaba farto, moi farto. Tanto que unha mañá foi directo á oficina do xefe, pediu o despido, cobrouno e meteuse nun bingo coa firme decisión de multiplicar os talentos; pois gardalos non era posible nun mundo onde todo se compra e, vivindo deles, non chegaría máis alá de tres meses. Nunca na súa vida xogara a nada e cando saíu do bingo, aburrido e convencido de que de alí non podía facerse rico, só lle quedaban na carteira dous billetes de vinte euros e outros dous de cinco. Colleu o coche, mirou se tiña gasolina suficiente e foise para unha vila onde estivera había uns

cinco anos. Naquel sitio había un camiño que atravesaba un piñeiral e ía dar a unha xunqueira que se internaba nas augas quedas da marisma; un lugar onde o mar morría mansamente no monte e o monte ía perdéndose pouco a pouco no mar. Era perfecto para suicidarse, incluso aínda máis que cando o vira da outra vez, porque o camiño estaba abandonado e case que pechado pola maleza; así non habería testemuñas nin ninguén que o puidese impedir, porque...

- Neste mundo de merda, ata dispoñer da propia vida é delito.

Tíñao claro, íase quitar de diante porque neste mundo de merda, sen cartos, non se pode vivir; se acaso sobrevir malamente unha tempada, pero vivir, vivir, non.

E mira o que son as cousas, foi nesa vila, á que ía para matarse, onde atopou unha derradeira esperanza; apeteceulle tomar un café, por aquilo de non morrer co estómago baleiro ou por gastar as sobras de fortuna que se agachaban tímidas no seu peto, é, ao entrar no

bar, decatouse da cabina onde vendían os boletos. A vella, que por sorte non o recoñeceu pois podía terlle complicado o plan de suicidio, explicoulle como funcionaba; ela vendíalle aqueles papeis onde viñan anotados os números e logo, ás oito, unha rapaza que se chamaba Rosana dicía na televisión cales eran os que había que ter para que lle desen a un... case que dous millóns de euros! Tamén lle dixeran a vella que se podían mirar as combinacións gañadoras no xornal ao día seguinte.

Por iso estaba agora alí, agardando a que volvесе polo bar a Rosana para que anunciase cal dos tres ía ser rico; porque, que el vise, hoxe só compraran papeliños el, Pepe de Sol e Bembaré, e onte foran os mesmos máis Lita que, ao non vir hoxe, a supoñía como a afortunada do día anterior. De feito, os tres estaban no bar e, coma onte, volverían arrimarse á televisión cando aparecese Rosana, como moi tarde ás oito, para dicir a cal lle tocara.

Pero, o que máis lle amolaba a Anselmo, era ese capricho do home que planeara ese xogo.

- Vaia parvada do carallo! Co fácil que sería repartir entre os tres os dous millóns de euros.

Nos altofalantes da taberna soaba un tema do grupo Os Lobos que o espertou do seu ensimesmamento e, de paso, marcou o ritmo dos pes de toda a clientela... Era a mesma canción que sempre lle dedicaba Marcos, o dono do “Rock-a-hula bar”, cando lle pedía que tocase algo á última hora, esa na que non queda ningún sitio onde ir.

“Ai Anselma, Anselma, Anselma, chaparra de mis penares, o deixas que te visite o te mando a los gendarmes...”

O Lapis do Taberneiro

relatos de taberna para ler na taberna



Editorial
Danu